

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	24 de SETEMBRO de 2020
Duración	Desde as 20:00 ata as 21:30 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretaria	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI



76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

O Sr. González tras preguntar aos distintos grupos políticos se teñen algunha consideración con respecto á aprobación das actas dos plenos ordinarios do 30.07.2020 e do 27.08.2020, toma a palabra o voceiro do Partido Socialista e expón que quere que con respecto ao terceiro rogo que se modifique e conste na acta do mes de agosto na que pon literalmente “polo mosteiro están vostedes estes momentos en alza parece ser que se perde polo camiño” e debería poñer e para que conste que “o lavadoiro do mosteiro está nestes momentos sen auga, parece ser que se perde polo camiño”.

Trala a consideración efectuada polo Sr. Caamaño o Pleno da Corporación, trala correspondente deliberación e por unanimidade, acorda a aprobación da acta pendente de aprobación do pleno ordinario do 30.07.2020 e a acta do pleno ordinario do 27.08.2020.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

2.- MOCIÓNS

MOCIÓNS PRESENTADAS POR URXENCIA

Favorable

Tipo de votación:

O Sr. Alcalde indica e recorda que o primeiro que se debe é argumentar a urxencia e indica e remarca que o que se debe votar e debater é a urxencia da moción, non os contidos. Indica que no caso que se aprobe a urxencia deberá debaterse posteriormente.



- **Do PP:**

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que comezarán pola moción relativa ao PEL e sinala que a urxencia da moción ven dada porque non teñen coñecemento de movemento por parte do goberno para acollerse a este programa e o prazo de adhesión a esta liña de axudas foi marcada o día nove de outubro, polo que indica que este é o último Pleno no que se pode presentar. Indica que esa é a argumentación que teñen para a urxencia da moción.

DEBATE DA URXENCIA

Toma a palabra a Sra. Suárez voceira do BNG expoñendo que dado que o prazo é o indicado pola voceira do Partido Popular o BNG considera a urxencia.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño indicando que para el a urxencia da moción neste caso está demostrada e que canto antes reciban ou poidan recibir os veciños as axudas moito mellor.

Toma a palabra o Sr. González indicado que para eles non cren que a urxencia este ben apuntada porque o PEL-reactiva e a posibilidade dos concellos de que se adhiran a esta iniciativa está enriba da mesa e publicadas no mes de xullo ou agosto, polo tanto, entenden que as mocións de urxencia, a non ser que se queira entorpecer o que é unha moción de urxencia, son aquelas cuestións que xorden no intervalo que vai dende que se convocan as comisións, que polo tanto non poden ir ás comisións esas mocións, e a celebración do Pleno. Indica que se xurdira que a Deputación sacara as axudas despois da convocatoria das comisións entón entenderían a urxencia. Continúa dicindo que esta moción púidose presentar no seu momento para que fose debatida como teñen que ser debatidas todas as mocións nas comisións e foran convenientemente informadas, como deben ser as mocións, e dese xeito debaterse neste Pleno. Polo que, ao grupo de goberno non lles parece que sexa unha forma de proceder e indica que o grupo popular xa o ten sinalado que as mocións de urxencia son excepcionais e teñen que atender a eses motivos. Continúa enunciando que puideron presentar esta moción sen ningún tipo de problema fai dez días, polo que anuncia que o grupo de goberno non vai a votar a favor da urxencia desta moción.

Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que houbo outra circunstancia pola que se presentou deste xeito e indica que cambiáronse precisamente para este Pleno as datas da celebración das comisións informativas, que conleva tamén unha



variación nos prazos de presentación das mocións e que esta moción foi presentada o martes pola mañá. Continúa indicando que tampouco tiveron a oportunidade de presentala na comisión correspondente posto que non se convocou ningunha e iso si que se ten feito en ocasións, presentar mocións fora de prazo e poder debatela na comisión con todos os grupos políticos e neste caso non se puido facer porque non houbo ningunha comisión. Indica que de todos xeitos o grupo do PP pensa que está xustificada a urxencia de dita moción.

Toma a palabra o Sr. González e expón que reiteran que o PP sabía perfectamente cando se convocan as comisións, xa que, neste Pleno igual que no anterior as comisións xa se celebraron o xoves anterior non o luns como se viñan celebrando e, polo tanto, vostedes deberían estar advertidos de que había que presentar as mocións no seu momento. Reitera o Sr. González que isto non é unha cuestión de tempo é unha cuestión de procedemento e que as mocións non son debidamente informadas cando poderían selo, polo menos esta. Indica de novo que o grupo de goberno non vai votar a favor da urxencia da moción.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN** da urxencia da moción, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos en contra
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 a favor

MOCIÓN

ADHESIÓN A LIÑA DE AXUDAS PEL REACTIVA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Pleno Ordinario da Deputación Provincial de A Coruña do pasado mes de xullo aprobouse unha modificación do Plan de Emprego Local 20-23 (PEL) para a inclusión no programa PEL Concellos dunha nova liña de actuación que se denominou “Fondo de financiamento para a renovación económica e social da provincia de A Coruña”. Esta nova liña ten por obxecto axudar aos pequenos empresarios e autónomos que se viron afectados pola crise económica ocasionada polo COVID-19.



Para que os afectados poidan acceder a estas axudas, os concellos deben adherirse a dito Plan e xestionar a distribución dos fondos. No caso do Concello de Outes, do reparto feito pola Deputación, correspóndelle 97.171,29 € a distribuír entre os solicitantes que cumpran os requisitos con axudas entre os 1.500 e os 3.000 €. Consideramos que estes cartos poderían axudar a moitos dos nosos veciños a paliar nalgunha medida os efectos negativos que na súa economía provocou esta terrible crise.

Por todo o que acabamos de expoñer requirimos deste Pleno o seguinte acordo:

ACORDO:

Que o Goberno Local solicite á Deputación Provincial de A Coruña a adhesión do Concello de Outes a esta liña de axudas para que os autónomos e microempresas do concello afectado polo COVID-19 teñan a oportunidade de poder acceder as mesmas.

DEBATE

Toma a palabra a Sra. Suárez voceira do BNG que indica que posiblemente teña razón o Sr. Alcalde en que non se pode entrar nesa dinámica de meter as mocións por vía de urxencia cando tivemos prazo suficiente para facelo. Continúa indicando que o que é urxente, e por iso o voto a favor da urxencia da moción do BNG, é a situación económica de moitos dos nosos autónomos e empresarios. Pensamos que toda aquela axuda veña de onde veña e que se poda conseguir por parte do goberno local para paliar a situación económica pois debe intentar de conseguirse e o PEL é unha delas. Indica que ata agora o goberno local non fixo os trámites necesarios xa que di que está activo dende o mes de xullo e indica que tiveron tempo suficiente para adherirse.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do partido socialista que indica que el sentiuse orgulloso cando viu que a Deputación da Coruña era a primeira das grandes institucións de poñerse ao lado dos veciños. Continúa dicindo que pese ao que nós intentamos facer dende aquí, dende a nosa pequena situación, cando aprobamos un gasto para axudar aos veciños, imaxinen agora que se o que nós ofreciamos o poden multiplicar por catro ou por seis. Indica que pensaba que o Concello xa estaría contando con estas axudas da Deputación, pero que dado o caso de que non ten constancia de nada, anuncia o seu voto a favor.

Toma a palabra o Sr. González que indica que sobre o contido pouco máis van



dicir. Que o grupo de goberno está traballando para adherirse ao PEL-reactiva e que se fixeron diversas xestións nese sentido. En primeiro lugar, estudando a posibilidade de que as axudas que xa ten o Concello respecto a estas e que as nosas axudas xa servían como cofinanciamento do Concello para as axudas do PEL da Deputación, xa que, a Deputación non financia o 100% senón o 80%. Temos unha confirmación de que é posible ese cofinanciamento. En segundo lugar indica que, xa se están dando os pasos para solicitarlle á Xunta de Galicia na medida en que esta non é unha competencia propia do Concello e que as propias bases do PEL-reactiva indican que o Concello tenlle que pedir os informes positivos á Xunta de Galicia para poder seguir adiante, isto xa se fixo, e agora o que imos a facer é solicitarlas e para iso temos ata o 9 de outubro. Polo que anuncia que o grupo de goberno votará a favor da mesma.

Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do PP para indicar que o que lles interesa é que os veciños de Outes non se queden sen a oportunidade de acceder a ese tipo de axudas polo feito de que o Concello non se acolla a ese Plan e é o que busca esta moción única e exclusivamente.

Toma a palabra o Sr. González que expón que coinciden coa necesidade de adherirnos e que os negocios teñan este tipo de axudas para seguir subsistindo.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 voto a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 a favor

- **Do PP:**

Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do PP para xustificar a urxencia da moción e indica que ven dada polo probable comezo das obras, que despois que nestes días os veciños fixéronlles chegar que non están satisfeitos coa localización dos aseos e que vostedes non atenderan as súas reivindicacións e consideran que é urxente tomar o acordo que propoñemos e consideramos que aínda estamos a tempo e que se pode levar a cabo e canto antes se faga moito mellor.

DEBATE DA URXENCIA

Toma a palabra a Sra. Suárez voceira do BNG que indica que con relación á



urxencia da moción si o tiñan claro, por un lado, porque houbo varias comisións ao respecto nas que todos expuxemos os nosos razoamentos naquel momento.

Faise un receso de uns minutos.

Retomase o Pleno e sigue coa palabra o BNG e indica o Sr. Núñez que lles parece triste que se traia esta cuestión ao Pleno cando xa se foi debatido polos grupos e cando sempre dixemos que estamos a favor da veciñanza, polo que anuncia o apoio á urxencia da moción.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do partido socialista e indica que neste caso urxencia está argumentada porque xa están adxudicadas as obras e en calquera momento poden comezar polo que anuncia o seu voto a favor da urxencia da moción.

Toma a palabra o Sr. González que reitera sobre a cuestión das mocións de urxencia e pensan que se podería ter presentado para a comisión e non foi así.

Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que si que é certo que houbo comisións e que se puideron tomar decisións, que se puideron tomar acordos pero independentemente de calquera consideración e de calquera decisión creemos que é un acto que pode distinguir a un bo gobernante do que non o é. Neste caso aínda que se tomaron esas decisións si estabamos equivocados e os veciños realmente van a sufrir e non están de acordo creemos que é urxente retomar de novo este asunto e debater esta moción.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN** da urxencia da moción, co seguinte resultado:

- CO: 5 abstencións
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 a favor

MOCIÓN

O Goberno municipal con cargo a fondos procedentes do Superávit municipal do 2018 herdado do anterior goberno local entre outras actuacións proxectou a construcións duns aseos na praia de Broña que foron obxecto de diversas controversias entorno a súa necesidade, oportunidade e sobre todo sobre a súa



localización. O noso grupo fíxolle un rogo o goberno no Pleno ordinario de febreiro de este ano para que atenderan as queixas que os veciños manifestaban ao respecto e que se consensuara unha solución que satisfaga a tódalas partes implicadas.

Despois disto no Pleno do mes de agosto preguntámoslle ao goberno se tiveran contacto cos veciños afectados e de ser así a que solución chegaran ante a reivindicación veciñal dun cambio de localización deses aseos. Neste mesmo Pleno o grupo municipal socialista fíxolles un rogo para que volveran a considerar esa localización antes de que se comezaran as obras e a resposta que se deu que non vana a andar de atrás para diante e que vostedes pensan que non van a causar ningún problema e que polo tanto seguirán adiante sen facer ningún cambio.

Tendo en conta esta resposta e tendo presente que en moitas ocasións o Sr. Alcalde dixo que en relación a este proxectos poden ser modificados sen ningún problema en calquera momento independentemente, sempre atendendo as queixas dos veciños implicados e que estes seguen a ter agora mesmo, pensamos que o Goberno aínda está a tempo de rectificar e polo tanto vémonos na obriga de presentar no Pleno da corporación esta moción co fin de chegar o seguinte

ACORDO:

1º. Que se paralice a actuación referenciada ata que se chegue a un acordo definitivo cos veciños afectados.

2º. Que volvan a retomar o contacto cos veciños e que utilicen tódolos recursos precisos co fin de acadar ese acordo que satisfaga os intereses dos mesmos, de maneira que non teñan que sufrir permanentemente unha localización deses aseos que non desexan.

DEBATE

Toma a palabra o Sr. Núñez que expón que cren que era necesario que o Goberno sacara un acordo coa veciñanza porque sempre é mellor levar as cousas dende o consenso antes de que sexan impostas. Polo tanto, iso que quede claro e que non se dubide deste posicionamento.

Continúa expoñendo que o BNG ten claro que se fixera este traballo antes se podería evitar todo isto e non debater a aprobación desta moción se se chegara a un acordo coa veciñanza e polo tanto isto non estaría pasando. Polo que non pode



inculpar á oposición de que se faga o traballo. Por outra banda, incidir en que vostedes levan máis dun ano gobernando dicindo que son un goberno de diálogo, que son un goberno transparente, que son un goberno participativo, cando por desgracia iso se queda na palabra. Non entendemos que problema hai con que de debatan as cousas. Vostede di que se están entorpecendo a utilidade da urxencia pero está máis que xustificada a urxencia. O BNG pensa que a vostede non lle molesta realmente que se entorpeza ou non co motivo da urxencia senón que se fale e se defendan os intereses da veciñanza de Outes.

Toma a palabra o voceiro do partido socialista o Sr. Caamaño que indica que como xa dixen no anterior Pleno o rogo ao noso Alcalde, díciolle que teña a ben reunirse cos grupos da Corporación para debater como solucionar o problema creado por nós antes de que comecen as obras. Indica que a moción presentada polo PP vai neste mesmo sentido e anuncia o seu voto a favor.

Toma a palabra o Sr. González e indica que sobre o contido da moción é un tema que xa se trouxo varias veces e indica que expoñerá a historia. Expón que seu grupo lembraran que presentaron no seu momento unha serie de proxectos para ser financiados polo Superávit 2018 e entre eles había un proxecto que era para instalar un baños e unha serie de prazas de autocaravanas na praia de Broña. Ese proxecto implicaba que eses baños e esas prazas se situaban nas proximidades do hotel e lembraran que os baños estaban pensados para a parte preto á estrada porque era o único sitio, ou pensabamos que era o único sitio, que tiña posibilidade de conexión directa coa rede de saneamento e ademais desa maneira dotabamos de servizo ás autocaravanas. Lembrarán que se negaron no Pleno a apoiar ese proxecto e que vostedes pediron unha comisión para debater e reformular ese proxecto e que nós aceptamos evidentemente crear esa comisión e discutir este proxecto e outro máis. Discutíronse e acordouse entre tódolos grupos reformular eses proxectos e vostedes saben perfectamente que chegamos a un acordo e que ese acordo foi, entre outras cousas, situar os baños nunha zona máis próxima ao areal e que ademais é unha zona na que vostedes mesmos indicaron que é posible conectar á rede de saneamento os servizos sen ter que estar tan lonxe do areal. Iso fixemos e reducimos o número de prazas de autocaravanas e quedaron só dous e vostedes se non co seu voto a favor polo menos coa súa abstención permitiron aprobar eses proxectos.

Agora vostedes meses despois porque tecnicamente hai un ou dous veciños, que por certo os baños prestan servizo a tódolos usuarios da praia que son centos, que amosaron a súa desconformidade polo temor de que eses baños causen algún tipo de problema que nós entendemos que non vai causar. Cando nós fomos



falar cos veciños intentamos explicarlle iso e o mellor non fomos capaces. Pero cando falamos de veciñanza falamos a tódolos veciños.

Continúa o Sr. González dicindo que considera que isto é un oportunismo político. O proxecto está aprobado neste Pleno, nese lugar tal e como está plantexado e está adxudicado e mesmo se empezaron a facer algunhas labores. Se vostedes queren que se paralice non se preocupen paralizámolo, xa que, nós non imos estar en contra deste tema neste sentido. Agora isto é oportunismo político e poñer trabas á labor do Goberno. Vostedes saben que eses baños están aí foi porque vostedes quixeron, xa que, nós tiñamos outra localización. E indica que esta é a postura do Goberno e que non teñen máis que engadir.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que o que o Alcalde chama oportunismo político e eles chámanlle defensa dos intereses dos veciños, pero que cada un chama as cousas como as sinte. O PP non quere que se paralice a obra dicimos que se teña en conta a opinión dos veciños. Hai outras localizacións que se poden dar e hai solucións construtivas que se poden levar adiante para que todo o mundo este satisfeito con esta obra e se acordo di que tomamos, por encima de calquera acordo que poidamos tomar están os intereses dos veciños. En canto a que está o proxecto adxudicado, como moitos outros fixeron modificados e vostede xa dixo que os proxecto poden ser modificados. Polo que pensamos que é o momento de retomar este tema e de intentar de facer algo para as persoas que van ter permanentemente diante da súa casa uns aseos. Pensamos que aínda que sexan dous veciños hai que ter en conta os seus intereses.

Toma a palabra o Sr. Núñez para expoñer que o primeiro de nada sorpréndelle a intervención do Sr. Alcalde, primeiro porque nos acusa de oportunismo político cousa que non é certo e demostrámolo cos nosos feitos ao longo deste ano. Pero ademais vostede di que son dous veciños fronte a centos de visitantes que ten a praia de Broña, vostede como Alcalde de tódolos veciños de Outes non estará en contra deses dous veciños, porque vostede tamén os representa. O BNG entendemos que o único que busca esta moción é falar e intentar chegar a un acordo. Unha cousa é falar e outra moi distinta é intentar chegar a un acordo, hai moitas alternativas, hai moitas posibilidades e aínda que houbera un acordo inicial naquel momento non se tiña constancia de que houbera ese problema con eses dous veciños. Tamén é certo que unha cousa son os centos de miles de visitantes e outra cousa son os que viven alí todo o ano, consideramos que iso é unha demagogia por parte do Alcalde enorme. A verdade é moi triste escoitar por parte dun Alcalde que se poña aos seus veciños e vostede debería ter un ton máis



conciliador do que ven amosando.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do partido socialista que expón que neste Pleno indicou, e que se pode equivocar e que de sabios é rectificar, que falou e que había centos de usuarios da praia, ¿preguntoulle vostede a eses usuarios da praia de Broña cando vostede quería poñer nove ou dez prazas para autocaravanas sacándolle sitio a eses usuarios a ver que lles parecía?, porque ao mellor non estaban moi contentos. Continúa a que se refire que cando hai un problema aínda que sexa un veciño ou sexan dous o que temos é que estar ao lado dos veciños e segue pensando que vai quedar vostede só.

Toma a palabra o Sr. González indicando que reitera o dito e que sempre que temos unha queixa veciñal por unha obra non facíamos nin a primeira obra e vostedes sábenos e saben que é así e neste caso é máis que evidente e fixeron un xogo que non é moi bonito politicamente falando. Non é a maneira de facer política e nós tratamos de dicirlle cando falamos cos veciños que esa instalación que é unha cabina totalmente pechada e que está conectada ao saneamento non ten porque crear ningún tipo de problema e entendemos que non é a verdade se diante de calquera obra se hai un ou dous veciños que amosan a súa desconformidade non fariamos ningunha obra. O Goberno toma en consideración o que pensamos que se vai aprobar agora con esta moción e actuaremos en consecuencia.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos en contra
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 voto a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 a favor

- **Do BNG:**

Toma a palabra o Sr. Núñez para indicar que o motivo da urxencia é que o BNG cree que non é necesario demorar máis o tema da moción que o que pretende é protexer os miles de traballos que dependen da nosa ría e protexer o patrimonio natural. A urxencia desta moción ven motivada porque se están a realizar os vertidos.

DEBATE DA URXENCIA



Toma a palabra a Sra. Molinos que apoia a urxencia e a continuación toma a palabra o Sr. Caamaño para afirmar que desta volta quedou descolocado e que vai ser xeneroso e indica que acepta a urxencia da moción e non sabe se vai a ser este o momento ou na próxima comisión, pero que como facía a anterior Secretaria de pedir un pacto entre os partidos representados para salvagardar o espírito da urxencia das mocións. Sería cuestión de falalo.

Indica o Sr. González que para eles esta é unha moción xenérica e que podería estar presentada en tempo e forma. Indica que eles actuarán conforme se debe actuar e que esta moción non é urxente aínda que sexa moi relevante e poderíase presentar no Pleno seguinte.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN** da urxencia da moción, co seguinte resultado:

- CO: 5 abstencións
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 votos a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 a favor

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Hai uns anos aprobouse a autorización de verteduras con expediente clave DH.V15.54967 solicitada por Tungsten San Finx S.L., filial do Grupo Sacyr, para realizar o desaugue das labores inundadas da Mina de San Finx, en Lousame.

Ao longo dos últimos anos, nun expediente interminábel, a empresa mineira tentou enganar á Administración de Augas de Galicia argumentando a existencia dun fondo natural de metais para así tentar evitar un tratamento eficaz das augas ácidas de mina que, coas súas concentracións de cadmio, cobre e cinc, veñen contaminando de xeito continuado o río San Fins, tributario do río Traba, co consecuente impacto sobre a nosa ría e os seis espazos en Rede Natura 2000. A falsidade destes argumentos deixouse en evidencia no propio expediente de verteduras a raíz do informe requirido por Augas de Galicia á Universidade da Coruña.

Por outra parte, a empresa mineira ven omitindo os continuos requirimentos de Augas de Galicia para a posta en seguridade das presas de residuos mineiros



construídas en formigón sobre o leito en 1928 e 1939. En febreiro de 2017 elaborouse un "Informe Descritivo Presas San Fins", no que se describen detalladamente estas presas, a maior delas con máis de 50 metros de lonxitude de coroación, concluíndo que se trata de presas de residuos mineiros e que "Dado que están en desuso, e sempre previa retirada dos áridos almacenados no vaso, debería considerarse a demolición, restaurando o DPH ao seu estado orixinal e proceder a restauración ambiental da zona afectada". Un informe previo de Augas de Galicia recoñecía que a rotura da presa maior, a menos de 6 km da Ría, podería producir un importante impacto ambiental augas abaixo pola grande cantidade de residuos mineiros acumulados.

Debemos ter en conta tamén que en febreiro de 2019 Augas de Galicia emitiu un "Informe sobre a titularidade das presas de San Finx" que indica que "pódese concluír que a xestión, explotación e mantemento das dúas presas era realizada pola empresa mineira" e que "o uso destas balsas foi de tipo mineiro e non para almacenamento de auga" polo que queda claro a responsabilidade da empresa e da Dirección Xeral de Minas en caso de omisión da anterior de acometer as labores de recuperación ambiental.

Por outra banda, en febreiro aprobouse unha autorización do vertido de 2000 litros por hora procedentes do bombeo dende das galerías mineiras como "medida cautelar" a través dunha "planta piloto de tratamento" sen que se certifique a través dun estudo o nulo impacto ambiental, cousa que supón outra clara ameaza e risco para o medio natural e o aproveitamento marisqueiro ao estar estas augas que inundan as galerías cheas dos metais pesados anteriormente mencionados.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO:

- Declarar publicamente a oposición do Concello de Outes á solicitude de autorización de verteduras, instando a Augas de Galicia a que resolva o expediente denegando tal autorización e poñendo fin ao procedemento DH.V15.54967.
- Instar a Augas de Galicia para que inicie as medidas sancionadoras oportunas e requira á concesionaria mineira para que impida de forma inmediata a continuidade das verteduras (incluíndo o selado, taponado e recheo de labores), proceda á retirada dos residuos mineiros acumulados



nas dúaspresas de lodos así como á retirada dos restauración ambiental do leite degradado, incluíndo a demolición das presas.

- Instar á Xunta de Galicia para que, en cumprimento da Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental, obrigue á concesionaria a adoptar e executar as medidas de prevención, evitación e reparación dos danos medioambientais e que, no caso de omisión, retraso, resistencia ou obstrución, inicie subsidiariamente a execución destas medidas con cargo ao patrimonio de Tungsten San Finx S.L., os seus administradores, propietarios, xerentes, director facultativo e demais responsables subsidiarios.
- Instar a Augas de Galicia, unha vez que xa emitiu o informe determinado a titularidade e responsabilidade das presas, que tome as medidas necesarias para obrigar á empresa e en caso de omisión á Dirección Xeral de Minas para poñer en seguridade as instalación e se proceda ao seu desmantelamento e restauración.
- Instar a Augas de Galicia para que declare a caducidade do procedemento de autorización de vertidos e adopte as medidas sancionadoras que recolle o regulamento do dominio público hidráulico e as medidas cautelares necesarias para que cesen de xeito inmediato as verteduras recentemente autorizadas, así como calquera outras que non se corroboren non lesivas co medio natural.
- Remitir estes acordos á Xunta de Galicia, á Dirección Xeral de Minas, as Augas de Galicia, así coma ao veciño Concello de Lousame onde se encontran as instalacións.

DEBATE

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que non van votar en contra desta moción pero consideramos que debido á complexidade técnica do tema que se ocupa nesta moción e que nos foi facilitada no día de onte, non contamos co tempo necesario para poder analizala convenientemente e asesorarnos sobre diferentes aspectos que nela se recollen. Polo tanto anuncia a abstención do PP.

Toma a palabra o voceiro do partido socialista o Sr. Caamaño e reitera que a moción deixouno descolocado. Por unha parte polo que di o PP que sentiu con



demasiada información e en moi pouco tempo. Sinala que pode ser un problema en caso de contaminación das augas da nosa ría polos residuos. Todo o que sexa recoller e coidar o noso patrimonio e a nosa paisaxe estamos de acordo de que sempre é bo para todos. Sobre todo a nosa ría que é unha importante fonte de ingresos para moitos dos nosos veciños. Reitera que a moción deixouno descolocado e que non puido entrar no fondo das cuestións pero que co espírito da moción está totalmente de acordo.

Toma a palabra o Sr. González indica que en liñas xerais están de acordo e indican que non tiveron o tempo necesario para o estudo pero que non dista moito dunha que o noso grupo presentou cando estaba na oposición, xa que, é un tema recorrente e é un tema importante que leva tempo tocándose na comarca. Indica que calquera medida que apoie a nosa ría debe ser benvida e creemos que é un tema para que se tomen as medidas oportunas, polo que anuncia o voto a favor da moción.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, co seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 abstencións
- BNG: 2 voto a favor
- Grupo Mixto - PSOE: 1 a favor

3. PREGUNTAS

- **Do Pleno anterior de forma oral:**
 - **Partido Popular:**

1ª PREGUNTA

No Pleno ordinario de xullo o noso grupo fíxolle ao Goberno un rogo para que tomasen as medidas necesarias para solventar o mal estado que se encontraba o baixo da facha do número 33 da avenida de San Campio.

1. ¿Fíxo o Goberno municipal algo ao respecto?
2. De ser así, ¿que foi o que fixeron?



Toma a palabra o Sr. González que expón que efectivamente foron coñecedores deste problema porque así o trasladaron os veciños. En agosto o aparellador municipal emitiu un informe sobre o estado da fachada e había un problema ao facerlle chegar a notificación de dito informe que fai referencia ao mal estado deses muros. Isto é un problema porque é difícil contactar co propietario do baixo, xa que, hai varias empresas implicadas. Enviouse requirimento recentemente e agardamos que chegue o seu destinatario.

Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que lles sorprende que despois de que no Pleno de xullo lle fixeramos esta pregunta fose precisamente no Pleno de hoxe cando vostedes ditaron unha resolución con respecto a este problema, indica que só lles sorprende.

Responde o Sr. González que se ven o informe establececese que esa visita foi feita en xullo e que o informe e de agosto e se lle notifica no momento no que se lle pode notificar.

2ª PREGUNTA

Vemos que na exposición final da Ordenanza reguladora polo prezo público pola autorización dos servizos de conciliación na vida laboral e familiar Outes Concilia di o seguinte: “Disposición final. Esta ordenanza entrará en vigor o 14 de abril do presente 2019, salvo que endita data non se teña completado os trámites legais previstos nos artigos 49 e 70 da Lei 7/1985, 2 abril, reguladora de bases de réxime local. Neste caso a vixencia queda demorada ao momento no que se de cumprimento ás previsións dos anteditos artigos” firmada pola Alcaldesa en funcións o 20 de agosto de 2020. Lendo o texto non nos queda moi claro se é preciso que unha ordenanza que se firma o día 20 agosto de 2020 e se publica o 26 de agosto poda entrar en vigor o 14 de abril do presente ano 2019. Podemos supoñer que é un erro de transcripción pero queremos preguntar se nos poden aclarar isto e ¿que día realmente entra en vigor a ordenanza?

Indica que é unha pregunta dobre, xa que, sucede o mesmo co regulamento de Outes Concilia que se publicou o 27 de agosto.

Toma a palabra o Sr. González que expón que efectivamente como indica a voceira do PP houbo un erro de transcripción e onde pon 14 de abril de 2019 tería que poñer 14 abril 2020, pero tamén como se establece no propio texto a norma evidentemente pois se non se publicaba no BOP antes desa data pasa como en



tódalas ordenanzas, entra en vigor ao día seguinte da súa publicación. E algo semellante sucede co Regulamento.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que queda aclarado que era un erro e continúa dicindo que a pregunta ía un pouco máis alá, matizando necesariamente se hai que volver a aprobar esa ordenanza ou se se rectifica o erro sin que varíen os prazos habituais da entrada en vigor.

Toma a palabra o Sr. González que indica que non hai que rectificar un erro porque hai unha segunda posibilidade como se indica no propio texto, segunda opción, que entraría en vigor, como calquera outra ordenanza, ao día seguinte da publicación no BOP. Esta data que estaba mal só sería aplicable se a ordenanza se publicase antes do 14 de abril.

Toma a palabra a Sra. Molinos para preguntar se vai quedar para sempre a ordenanza do 2020 co texto de entrada en vigor en 2019. E entenden que é un erro.

- **Partido Socialista:**

1ª. PREGUNTA

¿Realmente é como vai vostede gobernar para adecentar o noso Concello?
¿Segundo lle marque o Facebook ou tendo en conta os órganos e partidos aquí representados?

Toma a palabra o Sr. González que indica que van axudar ao Concello atendendo ó programa, as necesidades que detectamos e as propostas que se nos plantexan. En calquera caso si que entendemos que as redes sociais son un medio para que a veciñanza de a coñecer as súas problemáticas e por iso estamos pendentes delas e tamén indicarlle ós veciños e en xeral quen o desexe que hai unha aplicación posta en funcionamento dende hai meses que se chama emerxia.gal/outes que serve para que calquera veciño poida plantexar unha incidencia sobre o ma funcionamento.

2ª PREGUNTA

¿Hai algún problema na toma de auga que hai no río Bendimón?

Toma a palabra o Sr. González o problema que houbo no subministro houbo un momento que seguramente derivado das condicións climatolóxicas, no verán que foi seco e que tivemos mais consumo que outros anos, que seguramente teña que



ver co confinamento e todos os efectos derivados. Isto deu que o stock de auga acumulada nos depósitos non era a adecuada e o que se fixo foi tomar as medidas oportunas para establecer os niveis que se consideraban adecuados. Pero xa están restablecidos.

- **Preguntas presentadas por escrito:**

• **BNG:**

- Coa situación sanitaria actual parécelles axeitado o espazo do Punto de Atención á Infancia? Pensan que se pode garantir o cumprimento do protocolo cos medios actuais?

Responde o Sr. González que o espazo do Punto de Atención á Infancia non é pola situación actual senón que non é o máis adecuado e gustaríanos ter un espazo máis amplo e estamos traballando para poder instalalo no vello colexio do Cruceiro de Roo. En segundo lugar, podemos dicir que se está cumprindo o protocolo e así no lo trasladan os responsables da área e, polo tanto, non ten que ver coa capacidade de cumprir o protocolo.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que se ten falado que se leve o Punto de Atención a Infancia ao vello colexio pero tamén está o colexio novo e que está relativamente adaptado, ¿non analizaron a posibilidade?

Responde o Sr. González que si, pero que para utilizar un inmovible para o Punto de Atención á Infancia ten que pasar unha serie de requisitos e ten que ser aprobado polos órganos pertinentes da Xunta de Galicia e non vale calquera espazo. Ese espazo cumpre e por tanto non podemos trasladar a outro inmovible aínda que os teñamos valeiros.

- Uns veciños dixéronnos que hai canalización da traída municipal de auga aínda con uralita no Cunchido. É isto certo?

Responde o Sr. González que é certo.

- En que estado de tramitación se atopa a obra da Avd de San Campio? Cando está previsto o comezo da súa execución?

Responde o Sr. González que polo que sabemos está pendente de saír a licitación e ao mesmo tempo a licitación está pendente de que se incorporen os créditos



orxamentarios oportunos. Nós agardamos que sexa o antes posible e que o goberno da Deputación estea o máis áxil posible para atender esa demanda tan necesaria que temos no Concello e non ter que esperar outros 4 anos máis para que esa obra se execute.

- Que trámites leva realizado o goberno para darlle cumprimento á moción aprobada no pleno anterior para paralizar o derribo das escaleiras do Albán? Comprométense a cumprir o acordo?

Responde o Sr. González que o primeiro que fixeron foi solicitar un informe sobre a posibilidade de arranxar as escaleiras e aínda estamos pendentes de recibilo e en canto ao cumprimento de este acordo, se é posible dende o punto de vista técnico e administrativo cumpríremolo e senón entendemos que non se pode cumprir.

- Que trámites leva realizado o goberno para darlle cumprimento á moción aprobada no pleno anterior para analizar a posíbel compra da Casa de Pose? En que situación se atopa?

Responde o Sr. González indica que foron facer unha visita ao inmovible e que o interior está en estado de evidente necesidade de reforma profunda que pensamos que pode ser moi onerosa, pero estamos pendentes de recabar a información técnica dos custes e da viabilidade tanto dos usos que lle queremos dar como da reforma para valorar se se procede ou non e os pasos a seguir.

- Cando pensan cumprir coa totalidade dos acordos presentados nos últimos plenos sobre transparencia institucional e plenaria?

Responde o Sr. González que ao que se refire á transparencia vostedes teñen a información e os medios necesarios do Pleno, teñen acceso directo ao libro de decretos de Alcaldía para saber ás xestións que fai este goberno. No relativo aos vídeos dos Plenos cando teñamos persoal dispoñible e capacitado para facelo intentaremos levar a cabo estes acordos e encanto ao microfonado estamos pendentes dos orxamentos.

Toma a palabra o Sr. Núñez para apuntar que en canto a información de periodicidade semanal o Sr. Alcalde di que temos acceso ao libro de decretos pero non nos referimos a iso senón a cuestións que vostedes teñen intención de realizar, non cando xa están feitas. Queremos saber que cuestións queren levar a cabo.



O Sr. Alcalde responde que entenden perfectamente o que quería o BNG con esa moción e reiteramos que este goberno cumpre coas medidas de transparencia e indica que o que non van a cumprir son caprichos.

Sinala o Sr. Núñez que está aprobado en Pleno.

- No pleno ordinario de Novembro do 2019, case hai un ano, aprobouse unha moción do BNG para candidatar o monte da Pena como espazo Natural protexido. Na mesma moción establecíase un prazo de dous meses para dar os primeiros trámites. Despois de todo este tempo que trámites se fixeron e en que situación administrativa se atopa o cumprimento desta moción? Cando se deron os primeiros trámites?

Responde o Sr. González que teñen solicitado un informe a un biólogo sobre a posibilidade de protexer de forma formal este espazo e do mesmo xeito encargamos un breve estudo a un arqueólogo para non só protexer dende un punto de vista ambiental senón tamén dende o punto de vista arqueolóxico. En concreto en xaneiro contratouse o servizo do biólogo e coincidiu co traballo que esta persoa ía facer do impacto ambiental dos parques eólicos en marcha actualmente no Concello e estamos agardando.

- En Febreiro deste ano aprobouse unha moción do BNG para a limpeza, posta en valor e habilitación dun espazo de dignificación da marea da Serra. Fíxose algún trámite para darlle cumprimento a esta moción aprobada por unanimidade? Cando prevén que se lle poida dar cumprimento total?

Responde o Sr. González que como vostede está vendo esta é a maneira de controlar a labor do goberno e estableceuse o contacto con Demarcación de Costas de Galicia co xefe de Demarcación, que estivo en Outes o xuño pasado e visitou esta zona e quedou pendente de elaborar un pequeno informe para ver que actuacións se poden facer para afrontalo.

- **Partido Socialista:**

- O partido socialista desexa preguntarlle o equipo de goberno se xa fixo algún trámite ou valoración sobre a moción presentada en canto a entubar, limpar e canalizar unha parte da subida ó mosteiro.

Responde o Sr. González que como xa comentou o outro día cando o plantexou para moción, indica que xa se fixeran algunha xestión como a canalización no lavadoiro e



en canto vostede indica, si fíxose unha valoración pero estamos pendentes de recibir o informe por parte do técnico sobre a posibilidade técnica de entubar e canalizar esta zona.

- ¿Como se atopa o rogo presentado por este grupo sobre o espello do cruce de Entíns a Coiradas? ¿fixeron vostedes algo ó respecto ou é un tema aparcado?

Responde o Sr. González que están pendentes da adquisición dun número de espellos adquiriranse cinco espellos e semanas atrás xa se colocaron polo que vamos adquirir outro número deles e vamos a tratar de atender este rogo con esta adquisición.

- Parece ser que telefónica ten aberto outro “trámite” cun veciño de San Cosme e que afecta a varios máis debido a perda de sinal, saben vostedes algo ou tamén esperan contestación de telefónica como no tema das antenas

Responde o Sr. González que ese problema está solucionado e que se fixeron os trámites oportunos e que mediamos porque había un problema e o veciño accedeu a poñer un poste provisional para colocar na súa finca o cable. Xa hai máis dunha semana e polo menos temporalmente este problema está solucionado.

- **Preguntas que se plantexan oralmente:**

- **PP:**

1ª PREGUNTA

No Pleno extraordinario do 10/10/2019 preguntabámoslle ao Goberno Local se tiñan a disposición os terreos necesarios para levar a cabo a obra “Senda peonil para seguridade vial do cruce da praia de Broña ao cruce de Tavilo”, contestáronnos que naquel momento non era necesario telos porque aínda se estaba na fase de disposición de créditos para poder afrontar a obra. A día de hoxe esa obra xa está adxudicada e polo tanto pode comezar, entendemos que nesta situación sí que será preciso ter todos os terreos a disposición:

- 1.- ¿É necesaria a disposición de terreos non públicos para a execución da obra?
- 2.- De ser necesaria, ¿xa teñen a disposición do Concello todos os terreos precisos?



2ª PREGUNTA

Fai unas semanas xubilouse Carmela a quen queremos agradecerlle dende aquí o gran traballo que fixo no Concello durante todos estes anos e desexarlle que disfrute felizmente desta nova etapa da súa vida.

Dende fai anos o Concello de Outes ven ofrecendo aos veciños un programa de prevención e redución do abandono escolar e axudar así aos rapaces con dificultades e tamén aos maiores que pretenden incorporarse de novo ao sistema educativo, que atendía precisamente esta traballadora.

A nosa pregunta é:

1.- ¿Como están solventando a falta desta traballadora para poder darlle continuidade ao programa antedito?

3ª PREGUNTA

No folleto de actividades para o outono - inverno inclúen a impartición dalgunhas delas no Centro sociocultural de Viladomonte, sabemos que o edificio vai ser obxecto dunha obra de rehabilitación polo que presumiblemente non estará dispoñible, de momento, para acoller estas actividades.

¿Que solución lle darán a esta continxencia?

- **BNG:**

1ª PREGUNTA

A primeira pregunta é sobre a canalización da traída municipal de auga. Se teñen constancia de se hai este tipo de canalización nalgunha outra parte do Concello? Se teñen constancia ou non de que poida ser un risco para a saúde este tipo de canalización ou un poida ser un perigo para a traída municipal de auga? Ten pensado facer algunha reparación ó respecto?

2ª PREGUNTA

Para que continúe o programa de outono teatral seguindo un protocolo durante esta pandemia, creemos que a cultura é algo seguro sempre que se sigan as normas sanitarias e xustamente por isto e porque nos alegramos de que salgan adiante, sorpréndenos que non se lle de cumprimento a unha petición que lles fixemos hai



uns meses para que se celebrara os plenos con público na Casa da Cultura seguindo unhas normas sanitarias. Entendemos e respectamos que no seu momento non se fixera pero non entendemos polo que agora mesmo levando o outono teatro adiante non se fixo. Cal é o motivo? E cando o pensa levar?

4. ROGOS.

- **Presentados por escrito:**

- **Do BNG:**

- Fai un par de anos fixéronse unhas obras por parte da Xunta de Galiza no CEIP de Outes no que non se mellorou en accesibilidade. Adía de hoxe o noso Colexio non conta con ascensor dificultando así a escolarización de nenos con mobilidade reducida. Rogamos que se inste á Xunta de Galiza para que instale un ascensor no CEIP.

- Visto que non se cumpriu con rogos presentados o ano pasado volvemos rogar que o concello faga os trámites precisos para que se cumpra coa lei de memoria histórica nas fontes e na praca franquista de entíns.

- No pleno ordinario de xullo deste ano pedimos que se retirara uns escombros da piscina municipal que levan aí anos e visto que aínda non se fixo rogamus que se proceda canda antes.

- Nos plenos ordinarios de Agosto e Outubro do 2019 pedímoslles que limparan a praza que hai en fronte da EDAR e despois de múltiples comentarios neste pleno e máis de un ano seguen sen cumprir. Rogamos que limpen a praza de en fronte da EDAR.

- A Xunta de Galiza non está asumindo os custes derivados da pandemia e, mentres non fai o que debera, o concello pode paliar esta carencia en certos ámbitos. Dende o BNG creemos de vital importancia, como ben se reflexou na moción do PsdG aprobada recentemente coa nosa emenda, que o colexio e instituo conten con máscaras para que poidan repartilas ás persoas con máis necesidade. Rogamos que se doen lotes de máscaras aos centros educativos do concello para que se cubra esta carencia.

- No sentido do anteriormente exposto rogamus que se analice aviabilidade de que o colexio supla con catro persoas a maiores para o servizo de comedor



do CEIP e instar á consellería de Educación a que se faga cargo desta situación canda antes.

Indica o Sr. Núñez que con respecto a este rogo lles consta que está solucionado e o rogo decae.

- Rogamos que se aumente o servizo de limpeza do CEIP cunha persoa a maiores durante o período lectivo de mañá.
- Durante o período de confinamento as nais e pais vironse de repente obrigados a xestionar unha serie de programas de informática para poder axudar ás súas fillas e fillos coas tarefas escolares, a aula virtual que se usa no colexio esixe unha serie de coñecementos de informática que non todos tiñan adquiridos, por isto rogamus que dende a aula de informática do concello se impartan clases específicas para que as nais e pais que queiran podan formarse.
- **Rogos orais:**
 - **PP:**

1º ROGO

Chegáronnos queixas de varios veciños da parroquia de Roo en relación a limpeza de cunetas que se fixo en varias pistas desa parroquia, no entorno do Cruceiro, varias delas coincidentes co trazado de obras dispostas e aprobadas polo anterior goberno e que aínda vostedes non executaron (Pavimentación de camiño pola de Carballa, Camiño das Laxes, Camiño do Parque ao taller, Camiño das Bouzas e Rúa dos Muiños).

Os veciños consideran que se fixo unha actuación moi exaxerada, xa que se chegou coa limpeza ao mesmo borde do asfalto sen respectar o terrón adxacente ao pavimentado, conseguindo deste xeito que a plataforma do vial se estreitase de maneira que se dificulta moito o cruce de vehículos, circunstancia que supón un risco considerable para a circulación.

Polo anteriormente exposto rogámoslle ao goberno municipal que lle dea unha solución a ese problema de maneira que evite a falta de seguridade vial que están a sufrir os veciños usuarios destas pistas.



2º ROGO

Cando chega o inverno e con él as choivas, polo pista que dende Brión de Abaixo ata a carretera de Cambeiro adoita a baixar unha gran cantidade de auga que destroza o camiño, de feito xa se formou un regueiro polo medio do mesmo, e en ocasións chega a anegar a vaguada. Debido a este feito rogámoslle que procedan a practicar cortas transversais ou calquera outra actuación que solucione este problema para os veciños.

3º ROGO

Vemos que no folleto de actividades para o outono - inverno 20/21 en relación ao Centro Sociocultural de San Cosme, soamente aparece a programación dun taller de bailoterapia os martes as 7 e media. No ano pasado víñase impartindo dentro deste marco de actividades un taller de musicoterapia adicado principalmente a pandeireta. A esta cita acudían arredor de 15 persoas que, de terse programado de novo, terían a intención de volver a asistir este ano. Pero vemos que non aparece na programación. O mesmo sucede cunha actividade de Ximnasia Terapéutica que se viña impartindo dende fai anos un día a semana as 8 da noite na Casa de Cultura, actividade moi valorada polos usuarios principalmente polo seu horario.

Pedímoslles ao Goberno Municipal que reconsidere estas eliminacións e que solventen o malestar dos usuarios destas actividades.

Agora imos con outros rogos que como xa ven sendo habitual convértense en repetidos ou tripitidos.

4º ROGO

Trátase dun rogo que lle fixéramos no Pleno de decembro pasado, con respecto ao problema de anegamentos que sufrían os veciños de Brión de arriba derivados da baixada sen control das augas do monte, aínda que posteriormente vostedes fixeron algunha actuación ao respecto, non a completaron e no Pleno de maio tivemos que rogarlle de novo que a finalizasen dándolle solución á existencia dunha zanja que o atravesaba e pola que discurría auga sen canalizar. Agora os veciños transmítennos que a situación segue sendo a mesma e que debido ás últimas choivas xa volveron a atisbar o comportamento da auga e temen que cando chegue o inverno volvan a ter os mesmos problemas que o ano pasado.



Rogámoslle ao goberno que tome as medidas necesarias para que esto non volva a suceder.

5º ROGO

Este rogo tamén é repetido. No anterior Pleno expuxémoslle a problemática que existe nos cruces das pistas da parcelaria na agra de Entíns referida á inseguridade que supón o deterioro ou a desaparición das sinais de Stop. Feito que se ve agravado polo millo que esta prantado nas parcelas e que dificulta moito a visibilidade.

Pediámoslle que tomasen as medidas necesarias para solventar o problema, pero evidentemente non nos referíamos a que vostedes esperaran a que cortasen o millo mellorando así a visibilidade.

O que lles rogamos de novo, é que lle poñan solución a este asunto xa que constitúe realmente un problema de seguridade vial.

6º ROGO

Este é un rogo que está tamén repetido, aínda que nesta ocasión non llo fixemos nos por primeira vez senón o grupo do BNG e nos queremos sumarnos a esa petición.

Sorpréndenos ver que na páxina web do Concello na pestaña de transparencia seguen sen estar colgadas as actas dos Plenos dende o Ordinario de Agosto do ano 2019. En aras de que todos os veciños poidan ter un fácil acceso a ese documento, rogámoslle ao Grupo de Goberno que no futuro as poñan a disposición por esa vía e procedan a inclusión das que faltan dende agosto do ano pasado.

- **BNG:**

1º ROGO

A veciñanza da Rúa da Ribeira comunicounos a necesidade que teñen dunha beirarrúa ou dun camiño no seu defecto para camiñar seguramente, polo que están as gravas, e sería moi complicado para camiñar a diario e rogamos que analice unha alternativa para que esta veciñanza poida camiñar.

- **Partido socialista:**



1º ROGO

Xa vin que taparon a fochanca que había na entrada de Lestaio. O rogo é que despois de tapar os buratos e adecentalos cousa que agradecemos retiren a lousa que quedou “aparcada” na cuneta.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Remata a sesión ás 21:30 do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A gravación do Pleno é consultable no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=jqKXWbGhd68>

